

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

3675 *Real decreto 198/2009, do 23 de febreiro, polo que se establece a normativa básica relativa ao réxime de axudas no sector das forraxes desecadas.*

A normativa comunitaria aplicable ao réxime de axudas ao sector das forraxes desecadas está contida no Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), e no Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo, polo que se establecen as disposicións de aplicación sobre o sector das forraxes desecadas, cuxa última modificación se contén no Regulamento (CE) n.º 232/2008, da Comisión, do 14 de marzo.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa destes regulamentos, cómpre desenvolver algúns aspectos básicos no ordenamento xurídico interno.

A normativa nacional que desenvolve estas axudas é o Real decreto 311/2005, do 18 de marzo, polo que se establece a normativa básica relativa ao réxime de axudas no sector das forraxes desecadas, que se derroga por esta disposición.

Dentro da orde constitucional de competencias, correspóndelle ao Estado o establecemento da normativa básica relativa a estas axudas e ás comunidades autónomas a lexislación de desenvolvemento e execución, en que se inclúe a súa xestión.

Sobre a base do exposto e dado que o Estado é o responsable ante a Unión Europea do cumprimento da normativa comunitaria que regula estas axudas, especialmente no que respecta á non-superación das cantidades nacionais garantidas, consistentes nunha cantidade determinada de toneladas pola que se poden percibir axudas, é necesario determinar a información que as comunidades autónomas deben subministrar ao Estado en relación coa súa xestión, para os efectos de cumprir as exixencias da Unión Europea para o seu seguimento e control.

Por outra parte, o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) é o competente para a coordinación dos organismos pagadores, e das axudas do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), de acordo co disposto no Real decreto 521/2006, do 28 de abril, polo que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar os criterios básicos de aplicación en España do réxime de axudas para o sector das forraxes desecadas previstas no Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), e no Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo, polo que se establecen as disposicións de

aplicación do Regulamento (CE) n.º 1786/2003, do Consello, do 29 de setembro, sobre a organización común de mercado das forraxes desecadas.

Artigo 2. *Importe e pagamento das axudas.*

Conforme o disposto no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, concederáse unha axuda de 33 euros por tonelada ás forraxes transformadas en territorio español que cumpran as características que se indican no artigo 86 do Regulamento citado e no Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo. O pagamento desta axuda será realizado conforme o disposto no Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, adecuada aos novos fondos europeos agrícolas FEAGA e FEADER por medio do Real decreto 521/2006, do 28 de abril, polo que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

- a) Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial estean as instalacións da planta de transformación da forraxe.
- b) Produtor de forraxes: a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, cuxa produción sexa entregada a unha planta autorizada para a súa transformación.
- c) Moedura: o quebrantamento da estrutura das forraxes desecadas ata reducilas a fariña.

Artigo 4. *Autorización como empresa de transformación ou comprador autorizado.*

1. As autorizacións como empresas de transformación ou como compradores de forraxes serán concedidas por cada unha das comunidades autónomas onde radique a planta de transformación da forraxe no caso das empresas e onde teña o seu domicilio social o comprador de forraxes. Estas autorizacións realizaranse antes do inicio da campaña de comercialización, cando cumpran cos requisitos que establece o capítulo 2 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo.

2. No caso de deshidratación por calor, cada planta disporá dun termógrafo de lectura continuada instalado en cada máquina deshidratadora, así como dos equipamentos de medición necesarios para os controis do consumo enerxético e do tempo de funcionamento na planta transformadora.

3. Encasos excepcionais as comunidades autónomas poderán conceder autorizacións provisionais por un período non superior aos dous primeiros meses desde o inicio de campaña.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas físicas ou xurídicas (plantas transformadoras) que, tras seren previamente autorizadas, obteñan forraxes desecadas que saian do recinto da súa planta de transformación nas condicións indicadas no artigo 86.2 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro.

Artigo 6. *Contratos e declaracións de entrega.*

As industrias (plantas transformadoras) e os compradores de forraxes debidamente autorizados deberán achegarlle á autoridade competente, cunha anticipación mínima de 2 días hábiles á data de entrega da forraxe, a seguinte información:

- a) Contratos de subministración de forraxe formalizados entre a empresa transformadora ou o comprador autorizado cos produtores.

b) Declaracións de entrega que corresponden ás empresas que traballan a súa propia produción e o das empresas que se abastecen de compradores autorizados.

Artigo 7. *Asistencia mutua.*

1. Para as comprobacións do destino das forraxes desecadas trasladadas a outras comunidades autónomas, e nos casos en que se considere oportuno, a comunidade de orixe comunicará ás de destino os datos de cada expedición, co fin de que poidan realizar as correspondentes verificacións e comunicalo á comunidade autónoma orixinaria.

2. Cando as expedicións de forraxes deshidratadas foren cara a outros Estados membros, remitirase ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) unha mostra representativa desas saídas, elixidas tras a oportuna análise de risco. O FEGA realizará as actuacións que procedan con outros Estados membros e informará do resultado dos controis á autoridade competente.

3. Se a forraxa desecada ten por destino un país terceiro, a autoridade competente levará a cabo a verificación das operacións; para tales efectos deberanse solicitar da empresa transformadora os documentos de exportación que amporen estas saídas.

Artigo 8. *Obrigas das empresas de transformación.*

1. As plantas de transformación autorizadas presentarán ante a comunidade autónoma que as autorizase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previstos no Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo, nos prazos establecidos nel.

2. Deberán comunicar á comunidade autónoma o programa de expedición de forraxa desecada subvencionable que vaia saír da planta.

3. As forraxes destinadas a deshidratación serán aquelas que cheguen á planta de transformación picadas, con máis do 25 por cento de humidade.

4. As forraxes destinadas a seren «secadas doutra forma» (SOF) deberanse someter a un proceso de moedura.

Artigo 9. *Controis.*

As autoridades competentes efectuarán os controis que se establecen no capítulo 5 e, se é o caso, as reducións e exclusións contidas no capítulo 6 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo.

Artigo 10. *Remisión de información.*

1. As comunidades autónomas subministrarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a través do FEGA, de acordo co disposto no Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, e o Real decreto 521/2006, do 28 de abril, a información necesaria para efectuar as notificacións que establece o artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo.

2. En aplicación do disposto no punto anterior, as comunidades autónomas remitirán ao FEGA:

a) No prazo de dez días, desde que se produza o correspondente acto:

1.º As autorizacións definitivamente concedidas.

2.º As declaracións de suspensión ou extinción das autorizacións das plantas de transformación e de compradores de forraxa con indicación, se é o caso, dos períodos de suspensión.

b) No prazo de dez días desde a finalización de cada mes, e referida a cada planta de transformación:

1.º As cantidades de forraxes desecadas para as que se presentasen, durante o mes precedente, solicitudes de axuda, desagregadas en función do mes de saída da «planta

de transformación», así como os importes das axudas que se pagasen no transcurso do dito mes, e as cantidades de forraxes desecadas para as que fose denegada a axuda.

2.º Cantidades de materia prima, para a súa desecación, entradas en planta durante o mes precedente referidas ao 12 por cento de humidade, cantidades de produto obtido e cantidades de produto saído.

3.º As porcentaxes medias ponderadas de humidade, observadas nas forraxes para deshidratar que utilizase cada planta de transformación, durante o mes precedente.

c) Antes do 15 de abril seguinte ao momento da finalización da campaña, as cantidades estimadas de forraxes desecadas almacenadas o 31 de marzo dese mesmo ano, desagregadas por produtos.

d) Antes do 1 de maio de cada ano, a información a que se refiren os artigos 33.1, parágrafo segundo, e 33.2, letras d) e e), do Regulamento (CE) n.º 382/2005, da Comisión, do 7 de marzo.

3. O FEGA en colaboración coas comunidades autónomas elaborará, se é o caso, as normas para a remisión da dita información.

4. O FEGA será o organismo encargado de levar a efecto as notificacións a a Comisión que establece o artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, do 7 de marzo, a excepción da indicada no número 2.g).

Disposición adicional única. *Liberdade de circulación, establecemento e prestación de servizos.*

As comunidades autónomas, no desenvolvemento deste real decreto garantirán a plena aplicación do establecido na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, en especial nos seus capítulos III «Liberdade de establecemento dos prestadores» e IV «Libre circulación de servizos».

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 311/2005, do 18 de marzo, polo que se establece a normativa básica relativa ao réxime de axudas no sector das forraxes desecadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica do artigo 149.1.13.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar os prazos e as datas en concordancia coa normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación a partir do día 1 de abril de 2009.

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA